



Conforme ó tratado, unha vez invadido, Portugal sería dividido en tres zonas:

O norte (Oporto e Entre-Miño-e-Douro) sería entregado, co nome de Reino de Lusitania Septentrional, ó antigo rei de Etruria, Carlos Luis de Parma (Luis II de Etruria), sobriño de Fernando VII, en compensación polos seus territorios italianos (Reino de Etruria) entregados a Napoleón.

A zona centro (Beira, Trás-os-Montes e Estremadura portuguesa) reservaríase para un posible cambio por Xibraltar e a illa de Trinidad, en mans de Gran Bretaña.

A zona sur (Alentejo e Algarve) pasaría a Manuel Godoy e a súa familia como Principado dos Algarves.

En canto ás colonias, a súa división entre Francia e España deixábase para un acordo posterior.